

Transmisión de información mediante linguaxes de marcas

Se combinamos o XML co protocolo de transferencia de hipertexto, o HTTP, obtemos unha plataforma para dar soporte aos **servizos web**. Os servizos web permiten que unha aplicación de escritorio poida converterse nunha aplicación web. As aplicacións web son programas que corren na WWW e que, por tanto, poden usarse dende calquera plataforma que teña un navegador. **XML é a base dos servizos web** e pode usarse entre diferentes aplicacións para intercambiar información, incluso en diferentes plataformas.

Os servizos web úsanse en dous ámbitos distintos:

1. **Para crear miniaplicacións**, chamadas compoñentes, que se poden reutilizar noutras aplicacións. Hai funcionalidades que se repiten en varias aplicacións como, por exemplo, validar un correo-e, conversión de moedas, informes meteorolóxicos ou un servizo de tradución. Se o noso programa necesita algún destes servizos non é necesario programalo xa que xa existe.
2. **Para conectar software existente**. Os servizos web poden axudar a resolver o problema de interoperabilidade entre aplicacións proporcionando un mecanismo para intercambiar os seus datos. O protocolo que usan é o **SOAP** (*Simple Object Access Protocol*) que se executa sobre HTTP e que está baseado en XML. Tamén usan o **WSDL** (*Web Services Description Language*), baseado igualmente en XML, para describir os servizos web e como accedelos. A interoperabilidade entre aplicacións é fundamental no sistema de información dunha empresa.

Existen na rede repositorios de servizos web que poden usarse para atopar o que se necesita.

--Arribi 22:05 4 nov 2010 (GMT)